

# REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO COLEXIO DE EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA

## TÍTULO I.-DISPOSICIÓNS XERAIS

### TÍTULO II: DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CEESG

#### CAPÍTULO I: ÓRGANOS DE GOBERNO

SECCIÓN 1ª.- DA XUNTA XERAL OU ASEMBLEA XERAL

SECCIÓN 2ª.- DA XUNTA DE GOBERNO E DA XUNTA PERMANENTE

#### CAPÍTULO II: ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN

SECCIÓN 1ª.- DELEGACIÓNS TERRITORIAIS

SECCIÓN 2ª.- DAS SECCIÓNS PROFESIONAIS/GRUPOS DE TRABALLO

SECCIÓN 3ª.- COMISIÓNS DE TRABALLO

#### CAPÍTULO III: SECRETARÍA TÉCNICA E SERVIZOS COLEXIAIS

#### CAPÍTULO IV: XESTIÓN DA INFORMACIÓN

### TÍTULO III: DOS SERVIZOS, INSTALACIÓNS E RECURSOS DO COLEXIO

#### CAPÍTULO I: DOS SERVIZOS DO CEESG

#### CAPÍTULO II: DO EMPREGO DAS INSTALACIÓNS E RECURSOS DO CEESG

### TÍTULO IV: RELACIÓNS EXTERNAS

### TÍTULO V: DOS RECURSOS ECONÓMICOS

### TÍTULO VI: RÉXIME DISCIPLINARIO

### TÍTULO VII: RECOÑECEMENTOS Á PROFESIÓN

### TÍTULO VIII: APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

### TÍTULO IX: DISPOSICIÓNS FINAIS

# REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO COLEXIO DE EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA

## TÍTULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS

### **Artigo 1.- Obxecto.**

O presente Regulamento de Réxime Interno (RRI) ten por obxecto dotar de normas de organización, participación e funcionamento aos órganos e estruturas de traballo do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg), e ás persoas colexiadas.

### **Artigo 2.- Marco normativo.**

O RRI do Ceesg desenvolverase a partir das seguintes normas:

- a) Os Estatutos do Ceesg aprobados a través do Decreto 230/2006, do 30 de novembro da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Lei 1/2001, do 22 de xaneiro, de creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia.
- d) A Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais e a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma Galega.
- e) O Código Deontolóxico da Educadora e do Educador Social.
- f) A lexislación comunitaria-europea, estatal e autonómica que lle afecte.

### **Artigo 3.- Divulgación do Regulamento de Réxime Interno.**

Este RRI estará accesible para a súa consulta na páxina web do Ceesg.

### **Artigo 4.- Ámbito de Aplicación.**

O ámbito de aplicación do presente RRI abarca a todas as persoas integrantes, órganos e servizos do Ceesg.

## TÍTULO II: DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CEESG

### **Artigo 5. Código de conduta.**

As persoas integrantes dos diferentes órganos do Ceesg que en algún momento poidan representar formal ou publicamente ao colexio, están suxeitas a un código de conduta, que teñen a obriga de coñecer e cumprir.

## CAPÍTULO I: ÓRGANOS DE GOBERNO

### **Artigo 6.- Órganos de goberno.**

Os órganos colexiados que conforman o Ceesg están regulados nos seus Estatutos.

Son órganos de goberno a Xunta Xeral ou Asemblea Xeral, a Xunta de Goberno, a

Xunta Permanente, e a Presidencia.

## SECCIÓN 1ª.- DA XUNTA XERAL OU ASEMBLEA XERAL

### **Artigo 7.- Definición de Xunta Xeral ou Asemblea Xeral.**

A Xunta Xeral ou Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do Ceesg e soberano na toma de decisións. Está integrada por todas as persoas colexiadas.

### **Artigo 8.- Asistencia á Xunta Xeral ou Asemblea Xeral.**

1. **Acreditación da Identidade:** As persoas participantes na Asemblea, no caso de ser requiridas, deberán acreditar a súa condición de colexiada ou amiga do Ceesg indicando o seu número de colexiada/o e mediante presentación do DNI, NIE ou equivalente.
2. **Delegación de Voto:** As persoas participantes na Asemblea poden concorrer á mesma cun máximo de tres votos delegados. Dita delegación debe ser acreditada por medio da presentación da autorización escrita e asinada segundo o modelo oficial do Ceesg, xunto co DNI, NIE ou equivalente das persoas que delegaron o voto.
3. **Rexistro de asistencia:** Realizarase un rexistro de asistencia.
4. **Dereito a Voto:** Teñen dereito a voto todas as persoas colexiadas que concorran á Asemblea Xeral, tendo sido convocadas de conformidade co establecido nos estatutos.
5. **Amigas e Amigos do Ceesg:** As persoas que teñan a condición de Amigas e Amigos do Ceesg poderán participar na Asemblea, con voz pero sen voto.

### **Artigo 9.- Documentación.**

Os informes ou documentos obxecto de debate publicaranse con antelación na páxina web do Ceesg.

As votacións realizaranse a man alzada, excepto nos casos contemplados nos estatutos.

### **Artigo 10.- Acta**

Corresponde á Secretaría levantar acta da sesión, que será enviada ás/ós participantes da Asemblea para posibles achegas o antes posible e, en calquera caso, nun prazo máximo de 2 meses desde a celebración da Asemblea.

### **Artigo 11.- Moción de censura**

1. A Asemblea Xeral poderá propoñer a moción de censura da Xunta de Goberno ou de calquera das/os seus membros. A moción de censura deberá ser proposta polo menos por un terzo de membros da Asemblea Xeral. Dita moción deberá remitirse por escrito á Presidencia do CEEGS, onde se exporán claramente as razóns nas que se fundamenta.
2. Presentada a moción, a Presidencia deberá convocar a Asemblea Xeral con carácter extraordinario no prazo máximo dun mes e cunha antelación mínima

de quince días. De non facelo así, estará facultada para convocala a persoa representante do Colexio que teña a maior antigüidade das asinantes da moción de censura. A aprobación da dita moción de censura requirirá o voto favorable dos 2/3 dos votos correspondentes á Asemblea, en votación presencial, sen que proceda a delegación do voto.

3. Se a moción resulta aceptada, convocarase inmediatamente unha nova elección para o posto vacante. De non prosperar a moción, non poderá interpoñerse outra contra a mesma persoa, ou a Xunta, no prazo de seis meses.

## SECCIÓN 2ª.- DA XUNTA DE GOBERNO E DA XUNTA PERMANENTE

### Artigo 12.- A Xunta de Goberno.

1. **Definición:** A Xunta de Goberno é o órgano de goberno do Ceesg elixido en Xunta Xeral ou Asemblea Xeral. A composición da Xunta de Goberno será a marcada polos Estatutos do Ceesg.
2. **Participación:** Para manter o cargo na Xunta de Goberno é necesaria a participación na toma de decisións, nas encomendas e nas actividades que sexan propias deste órgano. Considerarase deixadez de funcións a non asistencia a máis do 50% das reunións establecidas nos estatutos, así como o incumprimento inxustificable das súas encomendas ou a falta de comunicación inxustificada durante un período de 3 meses. En todo caso, a Xunta de Goberno ten potestade para valorar a permanencia ou non das persoas en función da súa asistencia e participación.
3. **Renuncia ao cargo:** A renuncia realizarase por escrito dirixido á Xunta de Goberno, con indicación dos motivos da decisión.

### Artigo 13.- Funcións de Xunta de Goberno.

As funcións da Xunta de Goberno serán as marcadas polos Estatutos do Ceesg.

### Artigo 14.- Reunións da Xunta de Goberno.

A periodicidade das reunións da Xunta de Goberno será a marcada polos Estatutos do Ceesg. Estas xuntanzas serán presenciais, virtuais ou mixtas.

### Artigo 15.- Organización da Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno organízase en Áreas de Traballo. As súas características principais son:

1. Estarán compostas por persoas membros da Xunta de Goberno do Ceesg. De maneira puntual, poderase contar con persoas colaboradoras, coa aprobación da Xunta de Goberno.
2. Cada área de traballo designará unha persoa coordinadora, sendo responsable do funcionamento da mesma.
3. A área encargarse de articular e executar as decisións adoptadas na Xunta Xeral ou Asemblea Xeral e a Xunta de Goberno a través do seu Plan de traballo Anual.

4. Informará da súa actividade nas sesións de Xunta de Goberno.

**Artigo 16.- Convocatoria, orde do día e actas das reunións de Xunta de Goberno.**

1. A convocatoria de xuntanza de Xunta de Goberno será elaborada e enviada pola Secretaría co visto bo da Presidencia cun prazo mínimo de antelación de 15 días.
2. A orde do día incluírá como mínimo:
  - a) Aprobación da acta da reunión anterior.
  - b) Temas a debater e decidir.
  - c) Propostas e preguntas.
3. Todas as compoñentes de Xunta de Goberno terán igual voto, sen posibilidade de delegar en ningún outro membro. Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes e o voto de calidade da Presidencia dirimirá os posibles empates. Non obstante, sempre que sexa posible e as condicións o permitan, intentarase que os acordos se adopten por consenso.
4. Os acordos acadados quedarán recollidos en acta, que estará accesible para as persoas colexiadas, unha vez aprobada. A acta recollerá como mínimo:
  - a) Orde do día e posibles modificacións dos temas tratados.
  - b) Persoas asistentes, non asistentes e excusadas.
  - c) Acordos adoptados.

**Artigo 17.- A Xunta Permanente.**

1. **Definición:** A Xunta Permanente está constituída por persoas pertencentes á Xunta de Goberno. A súa composición está regulada nos Estatutos.
2. **Participación:** Para manter o cargo na Xunta Permanente é necesaria a participación na toma de decisións, nas encomendas e nas actividades que sexan propias deste órgano. Considerarase deixadez de funcións a non asistencia a máis do 50% das reunións establecidas nos estatutos, así como o incumprimento inxustificado das súas encomendas ou a falta de comunicación inxustificada durante un período de 3 meses. En todo caso, a Xunta de Goberno ten potestade para valorar a permanencia ou non das persoas en función da súa asistencia e participación.
3. **Renuncia ao Cargo:** A renuncia realizarase por escrito dirixido á Xunta de Goberno, con indicación dos motivos da decisión. As persoas que ostenten os cargos de Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería non poderán renunciar a formar parte da Xunta Permanente, salvo que renunciem ao seu cargo unipersoal.

**Artigo 18.- Funcións da Xunta Permanente.**

As funcións da Xunta Permanente serán as recollidas nos Estatutos do Ceesg, tendo en conta as seguintes premisas:

1. Terá capacidade de adoptar decisións que por razóns de urxencia ou operatividade non poidan demorarse ata a seguinte sesión da Xunta de Goberno.

2. Informará da súa actividade nas sesións de Xunta de Goberno.

**Artigo 19.- Reunións da Xunta permanente.**

A periodicidade das reunións da Xunta Permanente será a marcada polos Estatutos do Ceesg. Estas reunións poderán ser presenciais e/ou virtuais.

**Artigo 20.- Acordos e posicionamentos.**

Por razóns de urxencia, e de xeito excepcional, a Xunta de Goberno poderá adoptar acordos ou posicionamentos sen ter que se reunir. Para isto empregárase un sistema que garanta a recepción da información a todas e todos os integrantes da Xunta de Goberno. A decisión ten que ser tomada coa aprobación da metade máis unha. O tema entrará a nivel informativo na orde do día da seguinte Xunta de Goberno que se convoque, onde se deixará recollido o acordo, o medio utilizado e a data de decisión.

## **CAPÍTULO II: ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN**

**Artigo 21.- Órganos de participación.**

1. Os órganos de participación serán:
  - a) Delegacións territoriais
  - b) Seccións Profesionais (Grupos de Traballo)
  - c) Comisións de Traballo
2. Todos os órganos de participación estarán vinculados ás decisións adoptadas pola Xunta de Goberno a través do seu Plan de traballo anual e/ou liñas estratéxicas.

**Artigo 22.- Creación dos órganos de participación.**

A Xunta de Goberno será a responsable de crear ou manter as estruturas que posibiliten a participación, organización e coordinación, para o desenvolvemento do Plan de traballo anual e/ou liñas estratéxicas.

### **SECCIÓN 1ª.- DELEGACIÓNS TERRITORIAIS**

**Artigo 23.- Características das Delegacións Territoriais.**

1. A Xunta de Goberno é a responsable de establecer a súa organización, funcións, cargos e disolución.
2. A Delegación terá a consideración de órgano territorial para prestar servizos de interese colexial, tratar os asuntos que lle sexan delegados, e facilitar as relacións coas persoas colexiadas, organismos e institucións da súa área xeográfica de influencia.

### **SECCIÓN 2ª.- SECCIÓN PROFESIONAIS/ GRUPOS DE TRABAJO**

**Artigo 24.- Definición e características das Seccións profesionais/Grupos de traballo.**

1. Son agrupacións voluntarias de persoas colexiadas e amigas do Ceesg con

inquietudes comúns sobre un ámbito ou área específica relacionada coa Educación Social, e que traballan para a promoción, desenvolvemento e mellora desta. Teñen vocación de permanencia no tempo, definindo obxectivos a medio e longo prazo.

2. As funcións, obxectivos e regulamento de funcionamento das Seccións / Grupos serán aprobados pola Xunta de Goberno.
3. A estes efectos equipáranse as Seccións profesionais aos actuais Grupos de Traballo.

**Artigo 25.- Constitución das Seccións profesionais/Grupos de traballo.**

1. A súa creación deberá ser aprobada en Xunta de Goberno.
3. Contarán cun regulamento común.

**Artigo 26. Constitución e funcionamento das Seccións profesionais / Grupos de traballo.**

As Seccións profesionais / Grupos de traballo estarán sometidos a un Regulamento específico que conterà, entre outras cuestións, o procedemento de constitución e de funcionamento.

### SECCIÓN 3ª.- COMISIONS DE TRABALLO

**Artigo 27.- Definición e características de Comisión de Traballo.**

1. As Comisións de Traballo centraranse en obxectivos estratéxicos.
2. Poderán formar parte das Comisións de Traballo persoas colexiadas e outras persoas expertas. En ambos casos, a participación deberá ser aprobada pola Xunta de Goberno no momento da súa constitución, ou pola propia Comisión de Traballo no caso de novas incorporacións.
- 3.- As Comisións de Traballo terán carácter consultivo.
- 4.-En cada Comisión de Traballo participará, como mínimo, unha persoa da Xunta de Goberno.

**Artigo 28.- Constitución e disolución das Comisións de Traballo.**

A creación e a disolución das Comisións de Traballo deberá ser aprobada en Xunta de Goberno.

### CAPÍTULO III: SECRETARÍA TÉCNICA E SERVIZOS COLEXIAIS

**Artigo 29.- Da Secretaría Técnica.**

A Secretaría Técnica será a estrutura básica para o funcionamento do colexio:

- a) A Secretaría Técnica asumirá as funcións designadas pola Xunta de Goberno.
- b) Terá carácter contractual, operativo e non representativo.
- c) Ubicarase na sede do colexio.

**Artigo 30.- Dos Servizos Colexiais.**

As funcións propias dos Servizos Colexiais desenvolveranse, como mínimo, por unha

ou un educador social.

- a) Terá carácter contractual, operativo e representativo a nivel institucional.
- b) Ubicarase na sede do colexio.

## **CAPÍTULO IV.- A XESTIÓN DA INFORMACIÓN.**

### **Artigo 31.- Tratamentos dos datos.**

O tratamento dos datos de carácter persoal que se reciban no Ceesg, axustarase aos principios e obrigas establecidas no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos; así como pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

### **Artigo 32.- Xestión da información.**

As integrantes da Xunta de Goberno, das Comisións de traballo, das Seccións profesionais/Grupos de traballo e as Delegacións territoriais adoptarán as medidas para que:

1. A información xerada polo colexio sexa empregada unicamente para fins que teñan que ver directamente co desenvolvemento profesional.
2. A información das colexiadas e os colexiados sexa xestionada de maneira confidencial.
3. A información xerada polo colexio sexa coñecida e consultada por todas as persoas que forman parte da dinámica e desenvolvemento do Ceesg.

## **TÍTULO III: DOS SERVIZOS, INSTALACIÓNS E RECURSOS DO COLEXIO**

### **CAPÍTULO I.- DOS SERVIZOS DO CEESG**

#### **Artigo 33.- Tipo de servizos do Ceesg.**

Os servizos mínimos do Ceesg serán:

- a) Servizos de información e asesoramento profesional, laboral e xurídico.
- b) Servizos de formación e actualización profesional.
- c) Seguro de Responsabilidade Civil Profesional.

#### **Artigo 34.- Finalidades dos servizos do Ceesg.**

As finalidades dos servizos do Ceesg serán:

- a) Dotación de recursos para unha mellora no desempeño profesional.
- b) Creación de corpus teórico arredor da Educación Social.
- c) Difusión da información sobre o desenvolvemento profesional.

#### **Artigo 35.- Persoas beneficiarias.**

As beneficiarias dos servizos colexiais serán, prioritariamente, as persoas colexiadas e amigas do Ceesg.



## CAPÍTULO II: DO EMPREGO DAS INSTALACIÓNS E RECURSOS DO CEESG

**Artigo 36.-** A cesión de recursos e instalacións estará sometida a un regulamento específico aprobado pola Xunta de Goberno.

## TÍTULO IV: RELACIÓNS EXTERNAS.

### **Artigo 37.- Das Relacións Externas do Ceesg.**

1. A relación do colexio coas diferentes administracións e con outros organismos profesionais e públicos atenderá ao contido dos Estatutos do Ceesg.
2. Tamén poderá establecer relacións con entidades privadas que persigan fins en sintonía cos do Ceesg.
3. O Ceesg poderá formar parte dos Consellos Xerais de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais que se constitúan, baixo o principio de colaboración.

### **Artigo 38.- Convenios e Colaboracións.**

1. As relacións entre o Ceesg e outras entidades coas que se establezan convenios ou colaboracións procurarán articular e executar accións de interese común para o desenvolvemento da profesión.
2. Os Convenios de colaboración deberán recoller como mínimo:
  - a) Obxecto.
  - b) Finalidade.
  - c) Compromiso das partes.
  - d) Vixencia.
3. Realizaranse revisións periódicas dos convenios en vigor, para valorar a súa continuidade, como mínimo, en cada lexislatura.

## TÍTULO V: DOS RECURSOS ECONÓMICOS

### **Artigo 39: Administración dos recursos económicos.**

A Xunta de Goberno é a que, con suxeición aos orzamentos e regulamentos orgánicos correspondentes, administrará o capital do Ceesg. Todos os ingresos, así como os intereses e rendas do capital serán cobrados pola Secretaría técnica.

### **Artigo 40: Inspección.**

A Asemblea poderá, en calquera momento, ordenar a inspección da marcha económica, exixir arqueos, xustificantes e canto requira a función inspectora.

### **Artigo 41: Censura de contas.**

Ao final de cada mandato da Xunta de Goberno, ou a petición da Asemblea, procederase a efectuar unha censura de contas do exercicio económico, do que se dará coñecemento á Asemblea Xeral Ordinaria.

A Censura de contas levarase a cabo a través dunha auditoría externa, contratando a unha empresa especializada, ou ben a través dunha auditoría interna, designando por sorteo público a tres colexiadas/os censoras/es de contas e tres colexiadas/os suplentes. Este cargo, salvo causa de forza maior acreditada, será obrigatorio e incompatible co de membro da Xunta de Goberno (entrante nin saínte). As colexiadas/os censoras/es de contas citaranse para a revisión de contas, poñendo á súa disposición os libros contables e a facturación dos exercicios correspondentes, facilitándosele o debido asesoramento. As persoas censoras de contas deberán gardar o deber de sxiilo ao respecto dos datos dos que obteñan coñecemento como consecuencia do exercicio das súas funcións. Revisada toda a documentación, emitirán un informe que só deberá referirse á exactitude e veracidade dos datos económicos consignados nos libros contables revisados, informe que se publicará para coñecemento de todas as persoas colexiadas.

#### **Artigo 42.- Das contratacións externas.**

1. No caso de que o Colexio requira da contratación de servizos externos formalizárase un contrato entre o Colexio e a parte responsable de execución do servizo.
2. Dependendo da natureza do servizo, o Ceesg poderá solicitar unha memoria de actividades executadas.

#### **Artigo 43.- Das contratacións internas.**

No caso de que o Colexio realice contratacións internas para o desenvolvemento de funcións propias, estas desenvolveranse a partir dos seguintes criterios:

1. Levarase a cabo un proceso de convocatoria, selección e contratación, público e transparente.
2. Formalizárase un contrato laboral/mercantil desde o Colexio, segundo a lexislación laboral vixente e as condicións recollidas no convenio que regule a actividade.
3. Desde o Colexio realizarase un seguimento periódico das tarefas desenvolvidas pola persoa contratada.

#### **Artigo 44.- Dos gastos de transporte e dietas.**

Para cubrir os gastos ocasionados no desenvolvemento das funcións asignadas aos órganos de goberno, órganos colexiais, órganos de participación e coordinación:

1. Estableceranse uns criterios de pago por dietas (de aloxamento e manutención), así como por gastos de desprazamentos (quilometraxe en vehículo propio ou desprazamentos noutros medios de transporte). A aprobación e modificación dos referidos criterios corresponde á Xunta de Goberno, debendo respectarse, en todo caso, os límites non suxeitos a gravame da lexislación vixente.
2. Para outro tipo de situacións valorárase e aprobarase en Xunta de Goberno.

## TÍTULO VI: RÉXIME DISCIPLINARIO

### **Artigo 45.- Marco legal.**

O réxime disciplinario do Ceesg está fundamentado nos seguintes documentos:

1. Os Estatutos do Ceesg aprobados por Decreto 230/2006, do 30 de novembro da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **Artigo 46.- Do Procedemento disciplinario.**

O procedemento disciplinario regularase polos Estatutos do Ceesg e polo *Regulamento do procedemento sancionador* que elaborará a Xunta de Goberno.

### **Artigo 47.- Das faltas e sancións.**

1. Atenderase á clasificación de faltas e sancións dos Estatutos do Ceesg.
2. As sancións sempre terán que ser acordadas pola Xunta de Goberno, nunha sesión na que se recolla expresamente como punto da orde do día (adopción ou non da sanción), de acordo cos Estatutos do Ceesg.

### **Artigo 48.- Da Rehabilitación das sancionadas e sancionados.**

A resolución dunha petición de rehabilitación terá que ser acordada pola Xunta de Goberno.

## TÍTULO VII: RECOÑECEMENTOS Á PROFESIÓN: COLEXIADAS/OS DE HONRA

### **Artigo 49.- Requisitos.**

Poderán recibir este recoñecemento:

- a) Educadoras/es sociais cunha traxectoria destacada dentro da Educación Social. Sempre que no seu expediente non conste sanción no momento da proposición e non teña ningún cargo de Xunta de Goberno nese momento.
- b) Profesionais que, non sendo educadoras/es sociais, desempeñen un labor destacado na Educación Social.
- c) Entidades que pola súa traxectoria defenden a Educación Social.

### **Artigo 50.- Procedemento.**

1. Calquera persoa colexiada poderá propoñer ao Ceesg o nome dun/ha profesional ou entidade, xustificando os méritos para ser acredor/a de tal recoñecemento. Unha vez recollidas as propostas, e antes de proceder á selección, a Xunta de Goberno terá a responsabilidade de recadar información e documentación que se estime conveniente, sobre os méritos e demais circunstancias da/s proposta/s para o recoñecemento.
2. Para a concesión deste recoñecemento será necesario o voto favorable de como mínimo dous terzos das/os compoñentes da Xunta de Goberno presentes na

sesión.

3. O nomeamento será realizado pola Xunta de Goberno nun acto público.

**Artigo 51.- Cancelación.**

Este recoñecemento será cancelado e quedará sen efecto, no suposto de sanción disciplinaria ou delito doloso.

**TÍTULO VIII: APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO (RRI).**

**Artigo 52.- Da aprobación e modificacións do Regulamento de Réxime Interno.**

A aprobación e modificacións do RRI do Ceesg realizaranse respectando o marco legal regulador, en Xunta de Goberno e ratificado en Asemblea.

**TÍTULO IX: DISPOSICIÓNS FINAIS**

**Disposición final primeira:**

Este RRI será de obrigado cumprimento por todas e todos os membros do Ceesg.

**Disposición final segunda:**

O presente RRI entrará en vigor ao día seguinte de ser ratificado en Asemblea.

**Data de aprobación:**

Asemblea do Ceesg

En Santiago de Compostela, a 19 de febreiro de 2022.